

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36016127	IES Plurilingüe Aquis Celenis	Caldas de Reis	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Bacharelato	Latín I	1º Bac.	4	140

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	7
4.1. Concrecións metodolóxicas	13
4.2. Materiais e recursos didácticos	15
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	16
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	16
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	18
5.4. Procedemento para acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias	18
6. Medidas de atención á diversidade	19
7.1. Concreción dos elementos transversais	19
7.2. Actividades complementarias	20
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	21
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	22
9. Outros apartados	22

1. Introducción

O centro e as súas características específicas

Situación

O Instituto de Educación Secundaria Aquis Celenis é un centro público situado na poboación de Caldas de Reis, que recibe alumnos de toda a comarca de Caldas, principalmente do propio concello de Caldas e dos concellos de Cuntis, Portas e Moraña. O centro oferta ensinanzas de ESO e Bacharelato.

Alumnado

En canto aos centros de procedencia do noso alumnado, hai que dicir que os alumnos/as de ESO proveñen na súa maioría do colexio de primaria San Clemente, que é o centro adscrito ao IES Aquis Celenis, mentres que o resto de alumnos/as proceden de centros diversos: La Encarnación, Afonso VII e Mosteiro. É o único centro da contorna que imparte Bacharelato, polo que a procedencia dos alumnos de Bacharelato é máis diversa. O IES Aquis Celenis recolle alumnado de centros de catro concellos diferentes: Don Aurelio (Cuntis), Domingo Fontán (Portas), San Fermín (Caldas), Afonso VII (Caldas), Santa Lucía (Moraña).

Ambiente familiar e pais/nais.

En canto ó nivel de estudos dos pais e nais do noso alumnado, predominan os estudos primarios. A clase social na que se sitúa a maior parte dos pais e nais é a clase media. As profesións dos pais son diversas: obreiro de construción, autónomo, pequeno empresario, mecánico, etc. As nais dedícanse maioritariamente a tarefas na propia casa.

Unha maioría dos pais/nais indican que teñen libros de consulta e de entretemento na casa. Teñen ordenador na casa a maior parte das persoas, sen embargo a conexión a Internet só está presente nunha porcentaxe relativamente pequena dos fogares.

Identidade de centro

Os principios básicos sobre os que se asenta o proxecto educativo do centro en canto a transmisión de valores son: aconfesionalidade, coeducación, integración, pluralismo e valores democráticos.

Segundo a Lei de Normalización Lingüística o galego, lingua propia de Galiza, é a lingua oficial da Administración Educativa na nosa comunidade. O Centro, asume o uso do galego en tódolos aspectos administrativos e ademais fomentará o seu uso por parte de toda a comunidade educativa.

Para lograr un ensino integrador e personalizado, que consiga mellorar as competencias, habilidades e coñecementos de todo o alumnado, no Aquis Celenis teñen unha gran relevancia:

- A participación en proxectos que fomenten o traballo colaborativo e interdisciplinar
- O Tratamento Integrado de Linguas (TIL)
- O Proxecto Lector de Centro.

Aspectos que afectan de maneira específica á programación desta materia

Latín I é unha materia troncal de modalidade que ten unha grande importancia para o alumnado que a cursa, xa que se concibe como unha materia que terá a súa continuidade en Latín II de 2.º de bacharelato. O alumnado que cursa esta materia adoita ser reducido, oscilando entre 20 e 6 alumnos/as. No presente curso o grupo está formado por 9 alumnas e alumnos-

Aínda que o obxecto principal da materia é o estudo da lingua latina (e a iso dedicárase a maior parte das horas lectivas), é preciso tamén dotar ao alumnado dunha serie de coñecementos de referencia que

lle permitan contextualizar os contidos dos textos aos que vai acceder a través dos coñecementos lingüísticos que adquira neste curso. Eses coñecementos iranse impartindo ao longo do curso da maneira que se indica nesta programación. A temporalización dos contidos non lingüísticos que se indica non impide que poida facerse algún pequeno adianto ou algunha revisión ao longo do curso, a raíz dos textos traballados na clase.

Parece o máis sinxelo adaptar as unidades didácticas aos bloques de contido da materia, que han de ser traballados todos nas diferentes avaliacións na proporción que se indica. Así as dúas primeiras unidades recollen os contidos da lingua latina e a súa contribución ao plurilingüismo. Entre as dúas representarán o 75% do peso da cualificación en cada avaliación e tamen na cualificación final. As outras dúas recollen os contidos de tipo histórico, social, cultural... mais o legado que deixaron na Gallaecia, en Hispania e en Europa. Representarán o 25 % da cualificación de cada avaliación e da cualificación final.

Temporalización.

As catro unidades didácticas (UD) vanse impartir nas tres avaliacións, repartidos do xeito que se indica na descrición de cada unha. En canto ao número de sesións dedicadas a cada tema será a seguinte :

- 1ª avaliación: 26 (UD 1), 7 (UD 2), 9 (UD 3) e 4 (UD 4).

- 2ª avaliación 27 (UD 1), 7 (UD 2), 8 (UD 3) e 5 (UD 4).

- 3ª avaliación 27 (UD 1), 6 (UD 2), 8 (UD 3) e 6 (UD 4).

Hai que facer constar que, das 80 sesións totais dedicadas á unidade didáctica 1, parte fará referencia ás outras 3 unidades; pois nos textos traballaremos parte do léxico, relacionándoo coas linguas empregadas e estudadas polo alumnado; traballaremos así mesmo os diferentes temas culturais e faremos referencia ao legado deixado por Roma.

Criterios de avaliación.

Esta programación fíxose procurando que os criterios de avaliación sexan claros e perfectamente axustados á normativa vixente, facendo coincidir os pesos concretos das UD cos que van ter en cada avaliación: a UD 1 terá un peso do 60%; a UD 2, do 15%; a UD 3, do 15%; a UD 4, do 10%.

Para a cualificación final teremos que facer unha ponderación nos contidos lingüísticos, pois son contidos progresivos. Isto aparece explicado no apartado correspondente..

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Comprender e/ou producir textos latinos de dificultade crecente e xustificar a súa comprensión e/ou produción, identificando e analizando os aspectos básicos da lingua latina, en sentido amplo, as súas unidades lingüísticas e reflexionando sobre elas mediante a comparación coas linguas de ensino e con outras linguas do repertorio individual do alumnado, e poñendo en práctica, se se considera oportuno, habilidades comunicativas tanto orais como escritas, para realizar unha lectura comprensiva, directa e eficaz e unha interpretación razoada do seu contido e, de ser o caso, unha produción oral e/ou escrita correcta.	1-2	2	1-2					
OBX2 - Distinguir os formantes latinos e explicar os cambios que tivesen lugar ao longo do tempo, comparándoos cos das linguas de ensino e outras linguas do repertorio individual do alumnado, para deducir o significado etimolóxico do léxico coñecido e os significados de léxico novo ou especializado.		2-3	1		50			
OBX3 - Ler, interpretar e comentar textos latinos de diferentes xéneros e épocas, asumindo o proceso creativo como complexo e inseparable do contexto histórico, social e político e das súas influencias artísticas, para identificar a súa xenealoxía e a súa achega á literatura europea.	4							1-2

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX4 - Analizar as características da civilización latina no ámbito persoal, relixioso e sociopolítico, adquirindo coñecementos sobre o mundo romano e comparando criticamente o presente e o pasado, para valorar as achegas do mundo clásico latino á nosa contorna como base dunha cidadanía democrática e comprometida.	3	3		1	31	1		
OBX5 - Valorar criticamente o patrimonio histórico, arqueolóxico, artístico e cultural herdado da civilización latina, interesándose pola súa sustentabilidade e recoñecendo como produto da creación humana e como testemuño da historia, para explicar o legado material e inmaterial latino como transmisor de coñecemento e fonte de inspiración de creacións modernas e contemporáneas.	3			2		1-4	1	1-2

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Comprensión e interpretación dos textos	<p>Traballarase con textos de dificultade adecuada e progresiva (para ler, comprender, comparar traducións, traducir ou elaborar) Para achegarnos a eles, traballarase a lingua latina en morfoloxía e sintaxe.</p> <p>1ª avaliación: O abecedario. Clases de palabras. Concepto de lingua flexiva. Flexión nominal (1ª e 2ª declinacións, en sustantivos e adxectivos). Flexión verbal (tempos de indicativo dos verbos regulares e do SUM). Asociación caso- función sintáctica. Funcións de nominativo, vocativo e acusativo. Concordancias entre os elementos das frases e oracións. Oracións simples.</p> <p>2ª av. Flexión nominal: 3ª, 4ª e 5ª declinacións. Adxectivos da 3ª. Pronomes persoais e posesivos. Flexión verbal: a voz pasiva nos tempos de infectum. Funcións de xenitivo, dativo e ablativo. Oración compostas coordinadas.</p>	60	80	X	X	X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	. Comprensión e interpretación dos textos	3ª av: Resto dos pronomes . Comparativos e superlativos. O modo subxuntivo . A voz pasiva nos tempos de perfecto. Usos básicos de infinitivo e participio. Introducción ás diferentes subordinadas.	60	80	X	X	X
2	Latín e plurilingüismo	<p>Durante todo o curso traballarase o léxico que apareza nos textos para suscitar o interese por coñecer o significado etimolóxico das palabras e para mellorar o coñecemento das linguas de estudo do alumnado. Ademais traballaranse por avaliacións os seguintes temas:</p> <p>1ª avaliación: Sistemas de escritura ao longo da historia. Linguas indoeuropeas. Etapas da lingua latina. Niveis de uso do latín. Importancia do latín na evolución das linguas romances e non romances. Palabras patrimoniais, cultismos, latinismos. O latín como lingua de cultura e prestixio.</p> <p>2ª avaliación: Regras fonéticas básicas do latín ao galego e castelán.</p> <p>3ª avaliación: Prefixos e sufixos de orixe latina presentes no léxico actual.</p>	15	20	X	X	X
3	A antiga Roma	<p>1ª avaliación: Marco xeográfico. Marco histórico: etapas e feitos primordiais. Romanización de Hispania e Gallaecia: causas e fases. Fórmulas de organización do sistema político romano.</p> <p>2ª avaliación: Sociedade romana: clases sociais e papeis asignados a cada unha (evolución no tempo). Situación da muller. A escravitude. Mitoloxía: deuses e heroes. Relixiosidade romana: cultos oficiais e privados.</p> <p>3ª avaliación: A cidade romana. A vivenda. Obras públicas: características e funcións. Artes: escultura, pintura, mosaicos.</p>	15	25	X	X	X
4	Legado e patrimonio	<p>Este tema está moi relacionado co anterior e os distintos apartados trataranse de xeito paralelo.</p> <p>1ª avaliación: Romanización de Hispania e as pegadas da súa persistencia. Características da romanización da Gallaecia. Influencias das institucións políticas romanas nos sistemas políticos modernos.</p> <p>2ª avaliación: Mitoloxía clásica: pegadas da súa persistencia nas artes, literatura, publicidade...</p>	10	15	X	X	X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
4	Legado e patrimonio	3ª avaliación: Obras públicas e urbanismo: principais edificacións e restos conservados. Principais obras artísticas da antigüidade romana,	10	15	X	X	X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	. Comprensión e interpretación dos textos	80

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Realizar traducións directas e/ou inversas de textos ou fragmentos adaptados ou orixinais, de dificultade adecuada e progresiva, con corrección ortográfica e expresiva, identificando e analizando, cando se considere necesario, unidades lingüísticas regulares da lingua e apreciando variantes e coincidencias con outras linguas coñecidas.	Realizar traducións de textos adaptados, de dificultade adecuada e progresiva, con corrección ortográfica e expresiva.	PE	65
CA1.2 - Seleccionar de maneira progresivamente autónoma o significado apropiado de palabras polisémicas e xustificar a decisión, tendo en conta a información cotextual ou contextual e utilizando ferramentas diversas de apoio ao proceso de tradución en distintos soportes cando se considere necesario.	Seleccionar o significado apropiado de palabras polisémicas e xustificar a decisión, tendo en conta a información contextual.		
CA1.6 - Extraer, analizar e reflectir oralmente e/ou por escrito, preferentemente en latín, ou ben na lingua de uso do alumnado, as ideas principais de textos de certa lonxitude, orais e/ou escritos, e adaptados ao nivel de lingua e temas coñecidos polo alumnado, expresados de forma clara e, no caso dos textos orais, preferentemente na pronuncia clásica.	Extraer, preferentemente en latín, as ideas principais de textos de certa lonxitude, escritos e adaptados ao nivel de lingua e temas coñecidos polo alumnado.		
CA1.8 - Redactar en latín, a partir de criterios dados, textos básicos de estrutura clara, evitando erros que impidan a comprensión.	Redactar en latín textos básicos de estrutura clara, evitando erros que impidan a comprensión.	TI	35
CA1.3 - Revisar e emendar de maneira progresivamente autónoma as propias traducións e as das compañeiras e compañeiros, realizando propostas de mellora e argumentando os cambios con terminoloxía especializada a partir da reflexión lingüística.	Revisar e emendar as propias traducións e as das compañeiras e compañeiros, realizando propostas de mellora e argumentando os cambios con terminoloxía especializada a partir da reflexión lingüística.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Realizar a lectura directa de textos latinos sinxelos identificando as unidades lingüísticas básicas da lingua latina, comparándoas coas das linguas do repertorio lingüístico propio e asimilando os aspectos morfolóxicos, sintácticos e léxicos elementais do latín.	Realizar a lectura directa de textos latinos con corrección na lectura das letras e dos dígrafos, e máis na acentuación e no ritmo		
CA1.5 - Rexistrar os progresos e dificultades de aprendizaxe da lingua latina, seleccionando as estratexias máis adecuadas e eficaces para superar esas dificultades e consolidar a súa aprendizaxe, realizando actividades de planificación da propia aprendizaxe, autoavaliación e coavaliación, como as propostas no Portfolio Europeo das Linguas (PEL) ou nun diario de aprendizaxe, facéndoos explícitos e compartíndoos.	Rexistrar os progresos e dificultades de aprendizaxe da lingua latina, realizando actividades de planificación da propia aprendizaxe, autoavaliación e coavaliación.		
CA1.7 - Planificar e participar, cando se considere necesario, en diálogos breves e sinxelos sobre temas cotiáns, próximos á súa experiencia, apoiándose en recursos tales como a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal, e mostrando empatía e respecto pola cortesía lingüística e as opinións das persoas interlocutoras.	Planificar e participar en diálogos breves e sinxelos apoiándose en recursos tales como a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal.		
CA1.9 - Explicar cambios fonéticos, morfolóxicos ou semánticos de complexidade crecente que se produciron tanto desde o latín culto como desde o latín vulgar ata as linguas de ensino, servíndose cando sexa posible da comparación con outras linguas do repertorio propio.	Explicar cambios fonéticos, morfolóxicos ou semánticos de complexidade crecente que se produciron desde o latín ás linguas de repertorio propio do alumnado.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Unidades lingüísticas da lingua latina. - O abecedario. A acentuación e as distintas pronuncias da lingua latina: clásica, eclesiástica e nacionais. - Clases de palabras. - Concepto de lingua flexiva: flexión nominal e pronominal (sistema casual e declinacións), flexión verbal (sistema de conxugacións). - Sintaxe oracional: funcións básicas e sintaxe elemental dos casos. - Estruturas oracionais. A concordancia e a orde de palabras en oracións simples e oracións compostas. Comparativa coa orde natural das palabras nas oracións das linguas de repertorio do alumnado para unha mellor comprensión. - Formas nominais do verbo. - A tradución: técnicas, procesos e ferramentas. - A análise morfosintáctica como ferramenta complementaria de tradución. - Estratexias de tradución: formulación de expectativas a partir, entre outros, de contorno textual e do propio texto, paráfrases simplificadas en lingua latina, contexto, coñecemento do tema, descrición da estrutura e xénero, peculiaridades lingüísticas dos textos traducidos, erros frecuentes de tradución e técnicas para os evitar. - Ferramentas de tradución, cando se considere necesario.

Contidos

- Lectura comparada de diferentes traducións e comentario de textos bilingües a partir de terminoloxía metalingüística.
- Recursos estilísticos frecuentes e a súa relación co contido do texto.
- Estratexias básicas de retroversión de textos breves. Concepto e uso de expresións idiomáticas.
- A tradución como instrumento que pode favorecer o razoamento lóxico, a resolución de problemas e a capacidade de análise e síntese, dentro dos límites e inconsistencias propias da tradución.
- Aceptación do erro como parte do proceso de aprendizaxe e actitude positiva de superación.
- Estratexias e ferramentas, analóxicas e dixitais, individuais e cooperativas, para a autoavaliación, a coavaliación e a autorreparación.
- Destrezas comunicativas do uso da lingua latina.
- Estratexias para a planificación, execución e reparación da comprensión, a produción e a coprodución de textos orais, escritos e/ou multimodais.
- Funcións comunicativas adecuadas ao ámbito e ao contexto: describir acontecementos simples; dar instrucións básicas; narrar, reformular e/ou resumir acontecementos pasados, presentes e/ou futuros; expresar emocións básicas e opinións.
- Léxico común de interese e/ou uso cotián para o alumnado: espazo, tempo e/ou vida diaria. Estratexias de enriquecemento léxico (derivación, polisemia, sinonimia...).
- Estratexias básicas conversacionais para iniciar, manter e rematar a comunicación, tomar e ceder a palabra, pedir e dar aclaracións e explicacións etc.
- Ferramentas analóxicas e dixitais para a aprendizaxe, a comunicación e o desenvolvemento de proxectos con falantes ou estudantes de latín en latín, cando fose posible.

UD	Título da UD	Duración
2	Latín e plurilingüismo	20

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Deducir o significado etimolóxico dun termo de uso común e inferir o significado de termos de nova aparición ou procedentes de léxico especializado aplicando, de maneira guiada, estratexias de recoñecemento de formantes latinos atendendo aos cambios fonéticos, morfolóxicos ou semánticos que tivesen lugar.	Deducir significados etimolóxicos e inferir significados aplicando estratexias de recoñecemento de formantes latinos atendendo aos cambios fonéticos, morfolóxicos ou semánticos que tivesen.	PE	60
CA2.2 - Explicar cambios fonéticos, morfolóxicos ou semánticos de complexidade crecente que se produciron tanto desde o latín culto como desde o latín vulgar ata as linguas de ensino, servíndose cando sexa posible da comparación con outras linguas do seu repertorio propio.	Explicar cambios fonéticos, morfolóxicos ou semánticos de complexidade crecente dende o latín ata as linguas de ensino, servíndose da comparación con outras linguas do seu repertorio propio.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.3 - Explicar, de maneira guiada, a relación do latín coas linguas modernas, analizando os elementos lingüísticos comúns de orixe latina e utilizando de forma guiada estratexias e coñecementos das linguas e linguaxes que conforman o repertorio do alumnado.	Explicar xustificadamente a relación do latín coas linguas modernas.	TI	40
CA2.4 - Identificar prexuizos e estereotipos lingüísticos adoptando unha actitude de respecto e valoración da diversidade como riqueza cultural, lingüística e dialectal, a partir de criterios dados.	Identificar prexuizos e estereotipos lingüísticos adoptando unha actitude de respecto e valoración da diversidade como riqueza cultural, lingüística e dialectal.		
CA2.5 - Crear textos individuais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes e con axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, a partir da lectura de obras ou fragmentos significativos nos que se partise da civilización e cultura latina como fonte de inspiración.	Crear textos individuais con intención literaria, a partir da lectura de fragmentos significativos nos que se partise da civilización e cultura latina como fonte de inspiración.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Sistemas de escritura ao longo da historia. - Evolución do latín: as linguas indoeuropeas, etapas da lingua latina, latín vulgar e latín culto, lingua falada e lingua escrita. - Influencia do latín na evolución das linguas de ensino e do resto de linguas que conforman o repertorio lingüístico individual do alumnado. - O latín como lingua de cultura e prestixio; causas e consecuencias. Analoxía con contextos modernos. - Regras fonéticas básicas na evolución do latín ás linguas de ensino. - Léxico: <ul style="list-style-type: none"> - Lexemas, prefixos e sufixos de orixe latina presentes no léxico de uso común e no específico das ciencias e a técnica. - Significado e definición de palabras de uso común nas linguas de ensino a partir dos seus étimos de orixe latina. - Expresións latinas integradas nas linguas modernas e o seu emprego en diferentes tipos de textos. - Interese por coñecer o significado etimolóxico das palabras e a importancia do uso adecuado do vocabulario como instrumento básico na comunicación. - O latín como instrumento que permite un mellor coñecemento das linguas de estudo e un máis fácil achegamento a outras linguas modernas, romances e non romances. - Respecto por todas as linguas e aceptación das diferenzas culturais das xentes que as falan. - Ferramentas analóxicas e dixitais para a aprendizaxe, a comunicación e o desenvolvemento de proxectos con falantes ou estudantes de latín no ámbito transnacional. - Expresións e léxico específico básico para reflexionar e compartir a reflexión sobre a comunicación, a lingua, a aprendizaxe e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe (metalinguaxe).

UD	Título da UD	Duración
3	A antiga Roma	25

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Explicar, a partir de criterios dados, os procesos históricos e políticos, as institucións, os modos de vida e os costumes da sociedade romana, comparándoos cos das sociedades actuais, valorando as adaptacións e os cambios experimentados á luz da evolución das sociedades e os dereitos humanos, e favorecendo o desenvolvemento dunha cultura compartida e unha cidadanía comprometida coa memoria colectiva e os valores democráticos.	Explicar os procesos históricos e políticos, as institucións, os modos de vida e os costumes da sociedade romana máis salientables, comparándoos cos das sociedades actuais.	PE	50
CA3.2 - Debater sobre a importancia, evolución, asimilación ou cuestionamento de diferentes aspectos do legado romano na nosa sociedade, utilizando estratexias retóricas e oratorias de maneira guiada, mediando entre posturas cando sexa necesario, seleccionando e contrastando información e experiencias veraces e mostrando interese, respecto e empatía por outras opinións e argumentacións.	Debater sobre a importancia, evolución, asimilación ou cuestionamento de diferentes aspectos do legado romano, utilizando recursos retóricos e seleccionando e contrastando información e experiencias.	TI	50
CA3.3 - Investigar, de maneira guiada, o patrimonio histórico, arqueolóxico, artístico e cultural herdado da civilización latina, actuando de forma adecuada, empática e respectuosa e interesándose polos procesos de construción, preservación, conservación e restauración e por aquelas actitudes cívicas que aseguran a súa sustentabilidade.	Investigar, de maneira guiada, o patrimonio histórico, arqueolóxico, artístico e/ou cultural herdado da civilización latina.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Xeografía do proceso de expansión de Roma desde o seu nacemento ata a desaparición do Imperio romano. - Xeografía do proceso de expansión de Roma na Península Ibérica. A Hispania tardorromana; suevos e visigodos. - Topografía da antiga Roma, nome e función dos sitios centrais da cidade. - Historia da antiga Roma: <ul style="list-style-type: none"> - Etapas da historia de Roma (monarquía, república, imperio). - Fitos da historia do mundo romano entre os séculos VIII a. de C. e V d. de C. - Lendas e principais episodios da historia de Roma. - Personalidades históricas relevantes da historia de Roma, a súa biografía en contexto e a súa importancia para Europa. - Historia e organización política e social de Roma como parte esencial da historia e cultura da sociedade actual.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Institucións, crenzas e formas de vida da civilización latina desde a perspectiva sociocultural actual: escravitude e exclusión da muller. - Influencias da cultura grega na civilización latina. - A achega de Roma á cultura e ao pensamento da sociedade occidental. - Relación de Roma con culturas estranxeiras (Grecia, o cristianismo?). Roma como exemplo de potencia imperialista: desmitificación da dominación romana. - O mar Mediterráneo como encrucillada de culturas onte e hoxe. Da Europa mediterránea á Europa continental.

UD	Título da UD	Duración
4	Legado e patrimonio	15

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Explicar, a partir de criterios dados, os procesos históricos e políticos, as institucións, os modos de vida e os costumes da sociedade romana, comparándoos cos das sociedades actuais, valorando as adaptacións e os cambios experimentados e favorecendo o desenvolvemento dunha cultura compartida.	Explicar procesos históricos e políticos, institucións, modos de vida e costumes romanos salientables, comparándoos cos das sociedades actuais e incidindo nos cambios producidos.	PE	50
CA4.4 - Identificar e explicar o legado material e inmaterial da civilización latina como fonte de inspiración, analizando producións culturais e artísticas posteriores a partir de criterios dados.	Identificar e explicar os aspectos do legado material e inmaterial da civilización latina máis salientables, analizando producións culturais e artísticas posteriores.		
CA4.2 - Debater sobre a importancia, evolución, asimilación ou cuestionamento de diferentes aspectos do legado romano na nosa sociedade, mediando entre posturas, seleccionando e contrastando información.	Debater sobre a importancia, evolución, asimilación ou cuestionamento dalgún aspecto salientable do legado romano na nosa sociedade.	TI	50
CA4.3 - Investigar de maneira progresivamente autónoma aspectos do legado da civilización latina no ámbito persoal, relixioso e sociopolítico localizando, seleccionando, contrastando e reelaborando información procedente de diferentes fontes, calibrando a súa fiabilidade e pertinencia e respectando os principios de rigor e propiedade intelectual.	Investigar autonomamente algún aspecto do legado romano no ámbito persoal, relixioso e sociopolítico a partir de información procedente de diferentes fontes, respectando a propiedade intelectual		
CA4.5 - Investigar, de maneira guiada, o patrimonio histórico, arqueolóxico, artístico e cultural herdado da civilización latina, actuando de forma adecuada, empática e respectuosa e interesándose polos procesos de construción, preservación, conservación e restauración e por aquelas actitudes cívicas que aseguran a súa sostibilidade.	Investigar aspectos salientables do patrimonio histórico, arqueolóxico, artístico e cultural de orixe romana, incidindo na necesidade de conservación, mediante un breve traballo de investigación		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.6 - Explorar as pegadas da romanización e o legado romano na contorna do alumnado, a partir de criterios dados, aplicando os coñecementos adquiridos e reflexionando sobre as implicacións dos seus distintos usos, dando exemplos da persistencia da Antigüidade clásica na súa vida cotiá presentando os seus resultados a través de diferentes soportes.	Explorar as pegadas da romanización e o legado romano na contorna, a partir de criterios dados, dando exemplos da persistencia da Antigüidade clásica na súa vida cotiá.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Conceptos de legado, herdanza e patrimonio. - A mitoloxía clásica en manifestacións literarias e artísticas. A presenza da mitoloxía clásica na publicidade, o deporte e outras manifestacións populares actuais. - A romanización de Hispania e as pegadas da súa persistencia. A romanización de Gallaecia no contexto da Hispania romana; semellanzas e diferenzas. - Obras públicas e urbanismo: construción, conservación, preservación e restauración. A súa pegada na Galicia moderna. - As institucións políticas romanas e a súa influencia e persistencia no sistema político actual. - A educación na antiga Roma: etapas educativas. - Principais obras artísticas da Antigüidade romana. - Principais sitios arqueolóxicos, museos ou festivais relacionados coa Antigüidade clásica.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Na procura dun ensino axustado as necesidades do alumnado, no que a/o docente facilite recursos e estratexias acordadas coas distintas capacidades e intereses das/dos discentes, empregárase unha metodoloxía que procure un ensino autónomo e dinámico e de intercambio entre iguais no proceso de aprendizaxe. O enfoque metodolóxico buscará favorecer a capacidade de autoaprendizaxe, o traballo en equipo e aplicación dos métodos apropiados de investigación para seguir aprendendo ao longo da vida.

As liñas metodolóxicas básicas na materia son:

- Os textos converteranse no punto de partida para traballar simultaneamente os aspectos morfosintácticos da lingua latina, o seu léxico e a súa relación co galego e co castelán, así como os aspectos culturais relacionados cos textos traballados.
- Proporase unha secuencia de traballo axeitada e graduada por medio dunha metodoloxía activa, preferentemente de tipo indutivo-contextual, na que as normas se convertan en posesión permanente e en automatismo lingüístico.
- O enfoque irá dirixido a que o alumnado desenvolva e afiance as súas propias técnicas de traballo mediante diversas estratexias.
- Procurarase xerar un clima na aula co que as alumnas e alumnos sintan a necesidade de participar activamente no proceso de ensinanza-aprendizaxe, asegurándonos de que eses intentos, mesmo se son erróneos, sirvan de estímulo para intentalo de novo.
- Neste senso, crearanse contextos de aprendizaxe e avaliación que comprometan o alumnado e que o leven a planificar e avaliar as súas realizacións, identificando os avances e as dificultades, de cara a autorregular o seu propio e singular proceso de aprender a aprender.
- Promoverase a participación do alumnado en pequenos traballos de investigación, coa orientación precisa para que poida acadar a capacidade de realizar un proxecto de investigación escolar de forma autónoma.
- Haberá que distinguir niveis de dificultade no contido e nas actividades para cubrir as diversas necesidades

educativas do alumnado.

- Promoverase a utilización das TIC para informarse, aprender e comunicarse e para utilizar con sentido crítico, como recurso formativo, materiais de procedencia diversa.

Na procura da motivación inicial dos alumnos, antes de comezar a unidade didáctica correspondente, indagarase acerca dos seus coñecementos previos mediante debates, cuestionarios, tormenta de ideas,...

A exposición da unidade farase unhas veces partindo de textos en galego ou bilingües acompañados dun guión informativo da temática da unidade, e outras partindo dun texto latino relacionado cos contidos culturais que se vaian a desenrolar nesa unidade.

De ámbolos dous xeitos sempre se ha procurar a interrelación dos contidos lingüísticos e culturais, así como das explicacións fonéticas para comprender a evolución do Latín ás linguas romances.

Para estudar a morfoloxía e a sintaxe a explicación da profesora tentará partir dos datos coñecidos ata os descoñecidos, dos sinxelos aos máis complexos, do máis rendible ao menos cun estudo prioritario das estruturas de maior rendemento funcional, deixando as excepcións á marxe e explicándoas, se é que aparecen, con notas aclaratorias.

Na parte de traballo do alumno, búscase comprobar mediante exercicios o grao de comprensión da teoría explicada. Serán actividades frecuentes a lectura comprensiva de textos e os comentarios. En canto á versión literal ou tradución ao galego ou ao castelán, levarase a cabo de maneira gradual conforme se vaian vendo as cuestións lingüísticas e axeitando sempre o nivel de dificultade do texto a estas.

Aínda que a profesora prefere un enfoque gramaticalista da aprendizaxe da lingua latina fronte aos métodos que priman o estudo da lingua latina mediante o seu uso activo (como se estudan as linguas estranxeiras), eses métodos si que serán empregados en momentos puntuais mediante a lectura comprensiva de textos sinxelos que non precisaran tradución para entendelos e mediante sinxelos diálogos practicados na clase.

Entre os diferentes elementos metodolóxicos potenciaranse os seguintes:

Disposición do alumnado na aula

O alumnado estará sentado en parellas, disposición que permite traballar a tradución dun xeito colaborativo e que lles axudará a solventar entre eles pequenas dúbidas. Para traballos en grupo, poderase modificar esa disposición, adaptándoa ás necesidades.

Ademais da aula, poderáanse empregar outros espazos para a clase. A biblioteca é de gran utilidade para realizar investigacións sobre os temas propostos, para consultar dicionarios etimolóxicos e de mitoloxía, enciclopedias temáticas, atlas, etc. Ademais, puntualmente, empregaremos algunha das aulas de informática para actividades, procura de información e traballos individuais ou en grupo.

Tratamento integrado de linguas.

Impartirase de xeito integrado o currículo de todas as linguas, co fin de favorecer que todos os coñecementos e as experiencias lingüísticas do alumnado contribúan ao desenvolvemento da súa competencia comunicativa plurilingüe. Concretarase nos seguintes aspectos:

- Unificación terminolóxica en todas as áreas de linguas.

- En todas as áreas de lingua traballarase e avaliaranse as catro destrezas: expresión e comprensión oral e escrita.

- En todas as linguas traballarase a lectura comprensiva e a expresiva.

- Empregaranse para a avaliación rúbricas similares en todas as materias, que axuden ao alumnado a guiar a elaboración das súas producións.

Fomento da competencia comunicativa en todas as materias.

O tratamento da competencia lingüística levarase a cabo a través dos seguintes medios:

a) Plan lector

b) Avaliación da competencia comunicativa:

- Todas as materias avaliarán a competencia lingüística a partir dunha lista de cotexo aprobada pola CCP. Nas materias do departamento aplicaráselle unha valoración de 2 puntos no total da nota en cada traballo (sobre 10 puntos).

- Todos os traballos escritos e presentacións dixitais do alumnado deberán cumprir os mesmos requisitos de presentación, tamén consensuados e aprobados na CCP.

- Potenciarase a presentación oral pública dos traballos académicos do alumnado.

- Farase fincapé nos aspectos que rexen o intercambio de información: respecto de quendas, normas de cortesía, volume adecuado...

- Potenciaranse as probas nas que o alumnado deba elaborar a información e non reproducila de maneira memorística. Cando menos unha destas probas en cada avaliación.

- Potenciarase a coordinación coas áreas de linguas para colaborar no tratamento da tipoloxía textual adecuada aos contidos específicos de cada materia.
- Procurarase a coordinación coas aulas de lingua para o achegamento ao uso das ferramentas dixitais que sexan de uso común para todas as materias.
- Coa finalidade de promover a comprensión de lectura e de uso da información, dedicarase un tempo á lectura na práctica docente .

Tarefas interdisciplinares

As actividades interdisciplinares son un elemento moi eficaz para a aprendizaxe de máis dunha competencia ao mesmo tempo mentres que os/as alumnos/as desenvolven a creatividade e o espírito crítico.

Fomento da biblioteca

A biblioteca escolar ten un papel determinante na aprendizaxe, non só pola súa importancia para o fomento da lectura senón tamén como factor de alfabetización na consecución de información, tanto en soporte tradicional como dixital. Por esta razón, empregaremos a biblioteca como lugar de traballo todas as sesións que sexa preciso, na procura de información para traballos e para escoller libros de lectura.

Emprego das TIC

As tecnoloxías da información e da comunicación constitúen un recurso metodolóxico que redonda, na maior parte dos casos, nunha maior motivación do alumnado xa que permiten o uso de ferramentas dixitais que facilitan a vida académica.

Todas as clases vanse impartir coa axuda do ordenador e o proxector. Con frecuencia, os materiais proxectaranse dende a Aula Virtual, para que o alumnado se afaga a empregala con soltura e saiba de xeito rápido onde están localizados os apuntamentos, as actividades e tarefas. Vaise intentar aproveitar (na medida do posible) todas as posibilidades que nos ofrece o emprego da Aula Virtual: lugar onde descargar os contidos impartidos en clase, espazo prioritario para a entrega de actividades e tarefas, taboleiro de anuncios e vehículo de comunicación entre a profesora e o alumnado, sitio onde o alumnado pode ir vendo as súas cualificacións...

Potenciación do método científico como modo de resolución de problemas.

Fomentarase a formulación de hipóteses e posterior comprobación (ensaio e erro) como método de traballo, non unicamente nas materias relacionadas co ámbito científico senón como enfoque habitual para abordar calquera tipo de actividade, pois en todas as materias é preciso partir da elaboración de borradores (hipóteses de traballo) antes da presentación do resultado final.

O método ensaio e erro para a resolución de problemas é a estratexia fundamental na tradución de textos, co que terá un papel predominante nesta materia.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Apuntamentos e exercicios elaborados pola profesora
Recursos en rede
Aula virtual
Selección de textos literarios (poéticos, narrativos e teatrais) para a súa lectura e análise
Libros de lectura
Libros e obras de consulta da biblioteca
Dicionarios en papel e dixitais
Películas, documentais e DVDs

Todo o material preciso para esta materia será proporcionado pola profesora en fotocopias ou posto á disposición do alumnado na aula virtual. Tampouco será precisa a adquisición dun dicionario neste curso, pois a profesora facilitara ao alumnado un vocabulario básico co léxico preciso para os exercicios.

Recursos didácticos

Tentaremos aproveitar ao máximo os recursos dos que dispoñemos no centro. Así, será habitual o uso dun ordenador portátil e un proxector para presentar imaxes e esquemas ou para a proxección de vídeos e documentais, o uso da aula de informática para realizar traballos individuais ou en grupo, o uso da biblioteca para realizar investigacións sobre os temas propostos, para consultar dicionarios de mitoloxía, de lingua, enciclopedias temáticas, atlas, etc. O departamento conta cun pequeno repertorio de documentais de carácter didáctico, así como dun variado número de películas en dvd de temática histórica e mitolóxica. Tamén contamos con mapas históricos.

Así mesmo empregaremos os recursos da biblioteca para que o alumnado non se vexa obrigado a ter que mercar os libros que han ler para o departamento ao longo do curso. As lecturas propostas para este curso son:

Lecturas obrigatorias (realizadas en clase):

- Primeira avaliación: Una de romanos de Carlos Goñi, Editorial Ariel (capítulos seleccionados)
- Segunda avaliación: Obra de Plauto que vaiamos ver no Festival de teatro grecolatino.

Lecturas opcionais (dúas no curso aportarán un 10% da nota final). Estas son algunhas suxestións :

- Metamorfosis de Ovidio, Clásicos adaptados, Vicens Vives.
- El asno de oro de Apuleyo, Tilde
- En busca de una patria de Penelope Lively, Clásicos adaptados, Vicens Vives
- Latín lovers de Emilio del Río, Espasa
- La diosa contra Roma de Pilar Sánchez Vicente, Roca editorial
- Yo, Julia de Santiago Posteguillo, Planeta
- Calamares a la romana de Emilio del Río. Espasa.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Latín de 1.º de bacharelato é unha materia na que, debido a que non foi obrigatoria en ningún momento da ESO, é preciso partir de cero. Como, porén, moito do alumnado que a escolle pode que cursase anteriormente Cultura Clásica e/ou Latín de 4.º de ESO, un dos obxectivos principais da avaliación inicial (AI) é obter esta información.

Ademais do dito anteriormente, para facer unha AI máis efectiva sería conveniente contactar co Departamento de Orientación o antes posible, para poder acceder á información que sobre o alumnado en particular poida ter este departamento.

A AI hase levar a cabo antes do remate da 4.ª semana de curso e, en todo caso, antes das reunións dos equipos educativos para a posta en común dos resultados da mesma.

OBXECTIVOS

- 1.º Saber que alumnado cursou Cultura Clásica e/ou Latín de 4.º de ESO.
- 2.º Coñecer as motivacións do alumnado para escoller a materia de Latín I.
- 3.º Identificar o alumnado con necesidade específica de apoio educativo (ACNEAE).
- 4.º Identificar o alumnado repetidor.
- 5.º Valorar o coñecemento que o alumnado ten do mundo e cultura romana en xeral e da lingua latina en particular.

INSTRUMENTOS

1. Cuestionario escrito no que o alumnado debe responder a preguntas relacionadas cos cinco obxectivos apuntados anteriormente.
2. Diálogo informal co alumnado os primeiros días de aula.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	60	15	15	10	100
Proba escrita	65	60	50	50	60
Táboa de indicadores	35	40	50	50	40

Criterios de cualificación:

CUALIFICACIÓN DA AVALIACIÓN

Ao longo do curso haberá tres avaliacións. En cada unha delas traballaránse as catro unidades didácticas, que se corresponden cos catro bloques de contido e que se valorarán segundo está indicado :60% a 1ª, 15% a 2ª, 15% a 3ª e 10% a 4ª. Concederáselle o valor concreto e detallado a cada procedemento e instrumento de avaliación aplicado a cada competencia avaliable.

Cada avaliación están previstas dúas probas escritas, no medio e no final da avaliación. Nestas probas haberá preguntas e/ou exercicios das catro unidades didácticas.

A cualificación de cada avaliación provirá nun 60% dos exames, nun 25% das tarefas (traballos de investigación, actividades que requiran para a súa realización de varias horas, exposicións orais dun tema, lectura de libros), un 15% das actividades cotiás (exercicios de clase, exercicios sinxelos encargados pola aula virtual, test auto-corríxibles para repasar conceptos, resumos...).

Debido a que a avaliación é continua e os coñecementos gramaticais e léxicos adquiridos e traballados acumúlanse aos que se vaian estudando novos, sempre terá maior importancia o último exame feito. Polo tanto, farase unha media ponderada (40% a nota do 1º exame, 60% a do 2º).

Todas as cualificacións que cheguen na súa aproximación decimal a 5 ou pasen de 5, poderán ser redondeadas no seguinte enteiro, sempre e cando a persoa docente considere que esta aproximación ha redundar nun beneficio para o alumando (exemplo: unha alumna que ten como media da 1.ª avaliación 6,57 poderá ter no boletín un 7, se así o considera oportuno a persoa docente, mais tendo en conta que para efectos de medias a que realmente se vai empregar é 6,57). Isto tamén rexe para a cualificación final.

CUALIFICACIÓN FINAL

- un 60% provirá da media ponderada dos exames do curso: 25% os da 1ª, 30% os da 2ª e 45% os da terceira. Se na terceira avaliación é na que o alumno/a alcanzou o mellor resultado, só se terá en conta a cualificación desta (pois o último exame ten consideración de proba final, no que se refire á parte lingüística, xa que os contidos lingüísticos son obxecto de avaliación progresiva).
- un 40 % da media aritmética das tarefas, actividades e lecturas das tres avaliacións.

As cualificacións que se han utilizar para o cálculo da cualificación final han ser as reais obtidas (con decimais) e non os enteiros que por lei deben aparecer no boletín.

INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

1. Probas escritas. Hanse adaptar aos contidos das unidades didácticas que se avalíen.
2. Táboa de indicadores. As variedades máis usadas serán a rúbrica e a lista de cotexo.

Criterios de recuperación:

En todo o que ten que ver coa parte lingüística da materia non se fará ningunha proba específica de recuperación , xa que esta parte da materia é obxecto de avaliación progresiva. Recupérase aprobando o seguinte exame. A parte cultural da materia recuperarase cunha pregunta no exame seguinte (se ese foi o instrumento de

cualificación) ou coa repetición do traballo ou actividade (se o instrumento foi unha taboa de indicadores).

Avaliación extraordinaria de Bacharelato

Cando o alumno/-a non acade a puntuación mínima esixida para aprobar, terá a opción de presentarse á proba extraordinaria a finais de xuño, proba escrita que se cualificará cun total de 10 puntos dos que o 75 % corresponderá á parte de lingua (unidades 1 e 2) e o 25 % á parte de cultura (unidades 3 e 4) . Será unha proba semellante á proba final na terceira avaliación.

Entre a avaliación ordinaria e a proba extraordinaria haberá clases de reforzo para traballar as partes que cada alumno precise reforzar e resolver todas as dúbidas que se lle plantexe
Se a nota supera un dígito e medio, redondearase ata o dígito seguinte.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

No caso de que unha persoa discente pase a 2.º curso de bacharelato coa materia Latín I pendente, háselle aplicar o seguinte plan de seguimento, recuperación e avaliación:

- Será matriculado nunha Aula Virtual de pendentes. Nesta terá acceso ao material de traballo. Tamén se lle indicarán as actividades e tarefas que permitirán facer un seguimento dos seus progresos na materia.

- No caso de superar a materia de segundo na primeira avaliación (que é unha revisión e ampliación da parte lingüística traballada en primeiro curso), consideraríase superada tamén a de primeiro, sendo a cualificación de 1.º a mesma ca do 2.º curso nesa primeira avaliación.

- Se non aproba a 1ª avaliación de 2º, o alumnado poderá superar a materia pendente nun exame en xaneiro e terá unha segunda oportunidade nun exame final en maio. Ámbolos dous exames serán semellantes ao exame extraordinario de 1º de bacharelato , aínda que se podería suprimir a parte de cultura (valorada en tres puntos), se preferisen preparala mediante pequenos traballos ao longo do curso. O feito de facer un exame de toda a parte de lingua xa en xaneiro débese a que é a base necesaria para poder acadar os obxectivos da materia de segundo curso.

O alumnado afectado será obxecto dunha especial atención e seguimento, que se ha reflectir nun informe individualizado ao final de cada unha das dúas primeiras avaliacións, na que a persoa docente valore o progreso.

5.4. Procedemento para acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias

O alumnado que queira cursar Latín II sen cursar previamente Latín I, terá que acreditar os coñecementos mínimos desta última para poder cursar aquela. Esta acreditación poderá ser realizada de dúas maneiras:

1.º Cursando a materia como pendente. Neste caso o alumnado estará ao disposto no establecido no punto 5.3 desta programación.

2.º Realizando unha proba específica antes do inicio das actividades lectivas do curso. Neste caso a proba constará das seguintes partes:

a) Pregunta tipo test sobre aspectos relacionados coa historia, sociedade, goberno, romanización e legado, no que se avalían os contidos correspondentes ás unidades didácticas 3 e 4 desta programación. Esta pregunta achegará o 25 % da puntuación total da proba.

b) Exercicio de lectura en voz alta de texto latino. Esta pregunta achegará o 10 % da puntuación total da proba.

c) Exercicios de gramática. Esta pregunta achegará o 30 % da puntuación total da proba.

d) Exercicio de tradución de texto latino a castelán ou galego, segundo prefira a persoa discente. Esta pregunta achegará o 35 % da puntuación total da proba.

Hase considerar que acredita os coñecementos precisos a persoa discente que na devandita proba acade 5 ou máis puntos.

6. Medidas de atención á diversidade

Realizada a avaliación inicial (AI) e en coordinación co Departamento de Orientación, hanse poñer en práctica as medidas de atención á diversidade que correspondan. As máis frecuentes neste curso serán as ordinarias e, dentro destas, as que se recollen na seguinte enumeración:

- Adecuación da estrutura organizativa do centro (horarios, agrupamentos, espazos) e da organización e xestión da aula ás características do alumnado. Trátase neste punto, por exemplo, da colocación do alumnado na aula (proximidade á persoa docente, agrupación en parellas, etc.).
- Adecuación das programacións didácticas ao contorno e ao alumnado. Este punto é básico e debe determinar dende o primeiro momento a programación de todas as materias do centro.
- Adaptación dos tempos e instrumentos ou procedementos de avaliación. Esta medida será unha das máis frecuentes.
- Programas de recuperación. A elaboración dun programa específico para recuperar as avaliacións e tamén a materia no seu conxunto debe ser unha medida a considerar no caso de alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

En todo caso, a posta en práctica dunha destas medidas ou de calquera outra non relacionada anteriormente deberá facerse baixo a supervisión e en estreita colaboración co Departamento de Orientación e o resto do equipo educativo. En todo caso, o alumnado repetidor será obxecto dun plan e seguimento específico. Neste plan deben recollese as circunstancias concretas que dificultan o proceso de aprendizaxe da/o alumna/o en cuestión e que as medidas se deseñen tendo en conta estas circunstancias.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4
ET.1 - A comprensión de lectura.	X	X	X	X
ET.2 - A expresión oral e escrita.	X	X	X	X
ET.3 - A comunicación audiovisual.			X	X
ET.4 - A competencia dixital	X	X	X	X
ET.5 - O emprendemento social e empresarial.			X	
ET.6 - O fomento do espírito crítico e científico.	X	X	X	X
ET.7 - A educación emocional e en valores	X	X	X	X
ET.8 - A igualdade de xénero.	X		X	X
ET.9 - A creatividade,	X	X	X	X

Observacións:

1. A comprensión de lectura e a expresión oral e escrita son elementos transversais desta materia. Estes elementos estarán constantemente presentes no traballo de aula.
2. A competencia dixital será traballada a través da realización de traballos en formato electrónico e da utilización constante da aula virtual e recursos accesibles a través da rede.
3. A comunicación audiovisual será traballada especialmente na 3.ª avaliación, mediante a elaboración de traballos que inclúan a produción de vídeos e recursos audiovisuais propios.
4. O emprendemento social e empresarial será obxecto de traballo específico na UD 4 na que se traballará a historia de Roma e a evolución da súa sociedade.
5. O fomento do espírito crítico e científico. No traballo diario na aula buscarase a incentivación da curiosidade por coñecer e valorar xustificadamente calquera aspecto da lingua latina e do mundo romano. mediante as reflexións do alumnado.
6. A educación emocional e en valores. A través do desenvolvemento do seu traballo, a persoa docente debe dar exemplo dunha xestión axeitada das emocións e transmitir a través do seu traballo valores básicos como os de respecto a calquera tipo de diversidade, a resolución pacífica de conflitos, etc.
7. A igualdade de xénero. A persoa docente debe transmitir, favorecer e insistir na igualdade de xénero como un factor que se debe integrar en todos os ámbitos da nosa sociedade. Tratarase dun xeito especial cando se traballen temas como a familia , a educación ou o traballo
8. A creatividade. A persoa docente debe favorecer e incentivar a creatividade do alumnado en calquera aspecto da materia. Nos traballos individuais e en grupo sempre é importante a creatividade. E cada curso facemos un pequeno traballo sobre o latín que pervive no noso entorno onde o alumnado ten liberdade total para amosar a súa creatividade

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Participación no concurso Odisea	Na primeira semana de febreiro, o alumnado participará no concurso en rede Odisea, unha maneira diferente de adquirir novos coñecementos e de traballar varias competencias (dixital, comprensión lectora...)		X	
Asistencia ao festival de teatro clásico	O alumnado asistirá á representación dunha comedia romana en Lugo ou en Ourense		X	
Visita a un museo arqueolóxico e a elementos patrimoniais relacionados co mundo clásico	A viaxe a Lugo ou a Ourense para asistir ao teatro, aproveitarase para visitar o museo arqueolóxico da cidade elexida e para facer un percorrido polos elementos patrimoniais derivados do pasado romano destas cidades.		X	

Observacións:

A asistencia á representación dunha obra de teatro clásicas é unha actividade importante da materia, dado que en función desta representación hase marcar a lectura da segunda avaliación. Está aínda sen decidir se ir a Lugo ou a Ourense, pois hai que consensuar a mellor data con Vicedirección. Incluso poderíamos optar este ano por outra sede como Tui (o que nos permitiría visitar Couço do Monte Furado, un túnel escavado polos romanos para desviar o río Coura, no concello de Vilanova da Cerveira)

A elección de unha ou outra sede condicionará tamén a visita aos museos, restos arqueolóxicos e elementos patrimoniais.

En canto á participación en Odisea haberá sesións de preparación e procura de información e disporán das clases desa semana para participar no concurso

Todas as actividades serven para traballar elementos da materia dun xeito diferente. Todas serán avaliadas e son, polo tanto, obrigatorias.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
O traballo de aula (contidos, metodoloxía, temporalización) correspóndese co previsto na programación.
Metodoloxía empregada
A metodoloxía empregada foi adecuada ás características do grupo e facilitou a consecución de obxectivos e competencias
Medidas de atención á diversidade
Detéctanse con celeridade as/os ACNEAE, identifícase a súa casuística particular e póñense en marcha as medidas precisas en colaboración co Departamento de Orientación.
Clima de traballo na aula
Conseguíuse un clima de colaboración e traballo que facilitou a aprendizaxe activa do alumnado
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
O equipo docente e as familias actuaron de xeito coordinado en prol dunha educación efectiva
Outros
O grao de satisfacción do alumnado coa materia e máis coa persoa docente é alto e responde ao planificado na programación.
Os resultados de avaliación son os esperados a partir do traballo e actitude mostrada polo alumnado.
Os resultados de avaliación ao final de curso son os esperados en función do traballo e actitude mostrada polo alumnado e reflicten as medidas tomadas durante o curso.

Descrición:

1 e 2. O traballo de aula (contidos, metodoloxía, temporalización) correspóndese co previsto na programación. Para avaliar este indicador de logro a persoa docente debe revisar con regularidade que tanto os contidos, os tempos e o modo en que se está a traballar na aula son os que se corresponden co establecido na programación. En caso de que haxa diverxencias, estas, así como as súas causas, deben ser consignadas nas actas de departamento para, ao cabo do curso, facer unha valoración que sirva para modificar a programación do curso seguinte. Instrumento: táboa de indicadores..

3. Detéctanse con celeridade as/os ACNEAE, a súa casuística particular e póñense en marcha as medidas precisas en colaboración co Departamento de Orientación. A avaliación deste indicador de logro pódese facer a principios do mes de novembro, momento no que todo o alumnado con necesidades especiais de apoio educativo debería estar identificado e as medidas a tomar xa planificadas. Ademais da observación directa da persoa docente na aula, é moito importante o correcto aproveitamento e deseño da avaliación inicial e, en especial, a coordinación e contacto habitual co Departamento de Orientación.

5.Considerarase conseguido se durante o curso, ante calquera problema ou desafío no grupo, o equipo docente actuou de xeito coordinado e se requeriu e acadou a colaboración das familias.

6. O grao de satisfacción do alumnado coa materia e máis coa persoa docente é alto e responde ao planificado na programación. A satisfacción do alumnado co traballo realizado na aula pola persoa docente pode ser unha fonte moi positiva e rendible de información tanto para o enfoque da materia dende un punto de vista académico como dende o

punto de vista do labor docente. O mellor procedemento para medir este indicador de logro é un cuestionario electrónico e anónimo que se proporá ao alumnado para que cubra ao final de cada avaliación. Este cuestionario debe permitir que o alumnado valore os seguintes aspectos:

- 1) A súa satisfacción cos contidos da materia;
- 2) A súa satisfacción coa metodoloxía desenvolvida e o ambiente de traballo na aula;
- 3) A súa satisfacción coa propia persoa docente e o trato por esta dispensado.

Estes tres bloques permiten obter unha información imprescindible para valorar o desenvolvemento da materia en xeral e son, xunto cos indicadores anteriormente citados, un instrumento básico para a introdución de modificacións na programación.

7. Os resultados de avaliación son os esperados a partir do traballo e a actitude mostrada polo alumnado. A persoa docente, especialmente en grupos que adoitan ter un número de alumnado pequeno, normalmente ten unha previsión dos resultados que terán as persoas discentes en base ás súas observacións diarias na aula. É importante que esta previsión se cumpra, dado que iso evidenciará que a observación e as impresións recibidas durante a avaliación son as correctas. Este acerto na previsión permitirá á persoa docente dar consellos útiles e, no seu caso, tomar as medidas oportunas para que o alumnado mellore o seu rendemento académico, de ser o caso. Instrumento: táboa de indicadores onde se exprese a relación entre o resultado previsto e o resultado conseguido.

8. Os resultados ao final de curso son os esperados en función do traballo e actitude mostrada polo alumnado e reflicten as medidas tomadas durante o curso. Derivación lóxica do indicador de logro anterior, este pretende medir o acerto da observación como, en particular, a efectividade das medidas tomadas durante o curso para mellorar o rendemento académico do alumnado. Instrumento: táboa de indicadores onde se exprese a relación entre o resultado previsto e o resultado conseguido.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

1. Procedemento de seguimento.

Ao remate de cada unidade didáctica hase proceder a consignar no apartado de seguimento da programación da aplicación PROENS os datos que esta requira (data de inicio e final, sesións previstas e sesións realizadas, grao de cumprimento, propostas xerais de mellora e outras observacións). Ademais, unha vez ao mes, na acta da reunión de departamento, hase facer cando menos unha breve referencia ao seguimento da programación.

2. Procedemento de avaliación.

Para avaliar a programación a final de curso hanse ter en conta os seguintes parámetros:

- a. Resultados académicos do grupo.
- b. Eficacia das medidas de atención á diversidade adoptadas.
- c. Grao de cumprimento da programación e, no seu caso, causas dos incumprimentos.

A valoración do grao de cumprimento destes indicadores debe dar lugar a unha serie de propostas de modificacións e mellora para o curso vindeiro, que se deben reflectir na memoria de final de departamento e máis na programación do seguinte curso.

9. Outros apartados